

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 3 DE XULLO DE 1995.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día tres de Xullo de mil novecentos noventa e cinco; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Davila Sánchez.-  
Concelleiros: Don José Pérez Iglesias e Don Celso Sotelo Barroso.- Non asiste Don Amando Martínez Deaño.

Está presente o Secretario accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTAS ANTERIORES.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba os borradores das Actas das sesións anteriores, que foron as celebradas os pasados 23 e 29 de Xuño.

2.- OBRAS MAIORES.-

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Sr. Aparellador Municipal, concédese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos do común e sen prexuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva, por unanimidade:

A Don Pedro Gómez Vázquez, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Rodríguez de Valcárcel, hoxe Ribeiro, nº 1, para que nunha

finca da súa propiedade sita no término denominado "A Cuenga", do lugar de San Paio, poida construír unha vivenda unifamiliar; a liña de cerramento na fronte coa N-120 , p.k. 58,90 "A NON MENOS DE 10 METROS DO EIXE DA ESTRADA"; as obras deberán executarse axustándose ó proxecto presentado; a conexión das augas residuais será á rede pública a través do pozo de rexistro e a tubería en 0 25 soterrada a un mínimo de 0,80 metros, repoñendo o firme ó seu estado orixinal; solicitará licencia de primeira ocupación; depositará unha fianza de 80.000 pesetas para responder dos traballos de enlace e conexión ós servicios públicos. A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación. Erguese a definitiva a liquidación provisional practicada ós efectos do Imposto de construción, instalación e obras desta licencia, o cal importe é de 590.830 pesetas.

### 3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.-

Visto o escrito presentado por Don José Antonio Lois Ramos, veciño de Castrelo de Miño, con domicilio en Paradela, no que interesa información urbanística dunha finca sita na N-120, no término denominado "Serralleiro", a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello, que di o seguinte: "A parcela que se sinala no plano adxunto ubicada no Serralleiro N-120 está situada en SNU/N.- O Concello de Ribadavia está situado na Area 2 das NN.SS. P. sendo a superficie mínima para parcela edificable de 4.000 m<sup>2</sup>.- Previo á autorización da licencia de edificación precísase a autorización da CPU segundo trámite establecido polo artigo 42 LSG.- Regúlase polas NN.SS.M. e NN.SS.P., artigo 24.- As NN.SS. regúlanno a través da Ordenanza 6.3.- Cabe destacar: posición respecto á N-120, aliñación MOPT. Resto colindantes, tres metros.- Altura máxima vivenda dúas plantas ou oito metros.

Visto o escrito de Dona Carmen López Martínez, veciña de Vigo, con domicilio na rúa Avda. Castelao, 79, 2º C, no que interesa información urbanística dunha casa actualmente en estado ruinoso, sita na Praza Cruceiriño de Francelos; a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello, que di o seguinte: "As previsións urbanísticas clasifican o solo en C.U., Conxunto Urbano en conservación parcial de carácter CATEGORIA A.

Adxunto, facilítase copia do plano coas presentes condicións urbanísticas.- ORDENANZAS DE APLICACION: De acordo coas Normas Subsidiarias as ordenanzas de aplicación ó casco de Francelos son as C.U. (Conxunto Urbano en conservación parcial de carácter) e a D. (dotacional).- A primeira delas transcríbese de seguido; a aplicación de ditas ordenanzas ó conxunto da edificación sen máis sería no caso de Francelos, unha contradición, xa que en ditas ordenanzas, a súa aplicación dispúxose a zonas sen edificar, polo que pode provocar un contrasentido e polo que se divide a ordenanza de aplicación en dúas categorías: 4.1.1.-Ordenanza CU: Conxunto Urbano en conservación parcial de carácter. CATEGORIA A.; Definición, espacio en ordenación cerrada con patios interiores; está constituída por edificios antigos e representativos da urbe, sendo preciso no mesmo unha conservación total de dito carácter tradicional; Ambito territorial, sinalado no plano de ordenación; Normas de usos, usos admitidos: Residencial, vivenda unifamiliar e agrupada; Industria e almacén, talleres domésticos e artesanais así como almacéns compatibles ou conviventes coa vivenda, en segunda categoría; Comercial, comercio de calquera clase en planta baixa; Dotacional, calquera clase de primeria e segunda categoría asimilable á ordenación cerrada; Usos prohibidos, tódolos demais.- NORMAS DE VOLUME.- CONDICIONS DE POSICION: Aliñacións e resantes, as de planeamento; Edificación entre medianeiras; Condicións de parcelación; as que dea lugar a unha vivenda que cumpra a lexislación de habitabilidade que lle é de aplicación.- CONDICIONS DE EDIFICACION: As alturas e plantas máximas admitidas no núcleo antigo, edificando en máis das súas dúas terceiras partes, será a media dos edificios existentes, determinada sobre a fronte da mazá ou praza na que está encravado o solar; o fondo máximo para calquera altura será de 15 metros.- CONDICIONS ESTETICAS: Voos: Permitiranse os voos abertos, formados por balcóns de 50 cm., como máximo de voo e sempre que o seu peto sexa de fundición ou ferro. Admitiranse, en obras de nova edificación; as galerías acristaladas así mesmo, un voo máximo de 50 cm.; Materiais de fachadas, as fachadas serán de pedra de granito de acordo co executado ata o momento; Cornisas, será obrigatoria a execución de cornisas nos beirados dos tellados, o cal voo máximo non poderá exceder de 30 cm.; Cubertas, as cubertas serán inclinadas, sendo o material de cubrición tella cerámica plana ou curva; a pendente máxima será do 45% partindo da liña de cornisa, debendo ser uniforme; quedan prohibidos os quebros nos faldóns; Carpintería exterior, empregárase madeira ou aluminio lacado en cores similares ás existentes na actualidade.- CONDICIONS DE EDIFICACION, a altura de cornisa e número de plantas máximas admitidas fican recollidas no plano P-2 de Ordenación e Gestión en II (B+1) e

III (B+2) segunddo as zonas. O fondo máximo edificable será de 15 metros medido perpendicularmente á rúa".

Visto o escrito de Don Antonio Jesús Losada Beltrán, veciño de Ourense, con domicilio na rúa Valle Inclán, nº 24, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca da súa propiedade sita en San Cristovo, no lugar denominado "Camiño do Chacoto"; a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello, que di o seguinte: "Adxúntase copia do plano a escala 1:500, don informe.- Ordenanza aplicable UMBII.- Ambito territorial.- Sinalado no Plano de Ordenación.- Normas de Uso: usos admitidos: Residencial: vivenda unifamiliar e agrupada ( se considera como tal colectiva, é dicir, máis dunha vivenda por edificio); Comercial: primeira e segunda categoría; Industrial: en categoría primeira; Dotacional: calquera categoría.- Normas de volume.- Condicións de posición.- Aliñacións: as definidas no plano de aliñacións, rasantes e ordenación correspóndense cos cerramentos; Posición: illada; Unifamiliar: retranqueo tres metros a tódolos lindeiros; Agrupada e outros usos: retranqueo 5 metros a tódolos lindeiros; Rasantes: a do terreo natural ou no seu caso a da rúa a que dá fronte e medida a altura en calquera caso no punto medio das súas fachadas.- Condicións de parcelación: vivenda unifamiliar: parcela mínima: 300 m/2; fronte mínima: 12 metros:- Vivenda agrupada e outros usos (consideráanse coma tales os restantes admitidos).- Parcela mínima: 500 m/2; fronte mínima: 20 metros; Condicións de edificación: Altura máxima: Unifamiliar: dúas plantas (B+2) e 7,00 metros.- Agrupada: tres plantas (B+2) e 10,00 metros.- Pérmite o aproveitamento baixo cuberta.- Ocupación máxima: 50% establecéndose como edificabilidade a resultante da ocupación pola altura.- Edificabilidade: 1 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> na vivenda unifamiliar e 1,5 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> noutros usos.- Condicións estéticas; con comúns ámbolos graos.- Materiais de fachada: as fachadas serán de pedra do país ou acabados en mortero monocapa de cores habituais na zona; prohíbense expresamente os aplcados e azulexos.- Cubertas: As cubertas serán inclinadas, sendo o material de cubrición tella cerámica plana ou curva. A pendente máxima será do 45% partindo da liña de cornisa, debendo ser uniforme; fican prohibidos os quebros nos faldóns.- Carpintería exterior: empregarán madeira ou aluminio lacado en cores similares ás existentes na actualidade".

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, coñece os seguintes:

Da Farmaceutica titular, resultados nas análises mínimas de augas potables de consumo público do abastecemento de Ribadavia e San Paio.

Da Farmaceutica titular, partes semanais de claración de augas do abastecemento de consumo público do abastecemento de Ribadavia e San Paio.

#### 5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura correspondente ó mes de Xuño presentada polo Sr. Asesor Urbanístico do Concello de acordo co convenio de colaboración entre este Concello e o Colexio Oficial de Arquitecto de Galicia (Delegación de Ourense), por importe de 99.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención de 25.000 pesetas a Dona María Luísa González Rodríguez, para adquisición de fármacos e desprazamentos a Ourense para o tratamento de rehabilitación de drogodependencia.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación á certificación "segunda" da obra nomeada "Reforma do alumeadado público en San Paio -1ª fase", por un importe total de 3.591.781 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento de 50.000 pesetas ó Sr. Aparellador Municipal, Don Elías Pato Rodríguez, pola realización de traballos extraordinarios realizados fóra do horario laboral, na preparación de obras en Edificio Administrativo e Memorias varias, durante os meses de Abril e Maio pasados.

E sendo as sete e media do serán, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.